

## MINISTERIO DE POLÍTICA TERRITORIAL E MEMORIA DEMOCRÁTICA

### Resolución a Traballo a Distancia

30/09/2025

O novo Plan de Traballo a Distancia que entra en vigor en outubro, aprobado polo Ministerio de Política Territorial e Memoria democrática; fala de eficiencia enerxética, de conciliación, de atracción de talento. Sobre o papel soa ben, case perfecto. Pero detrás desta capa de boas intencións hai unha realidade que o Ministerio non quere abordar e para a CIG é fundamental: a precariedade retributiva.

A CIG asinou o acordo. Non porque o teletraballo sexa a solución a todos os males, senón porque **era necesario regulalo** para dar seguridade xurídica ao persoal. Pero iso non debe tapar a evidencia: mentres se regulan pantallas, horarios e conexións, os salarios seguen sen moverse.

Os empregados públicos das Delegacións e Subdelegacións levan anos aguantando salarios conxelados, complementos ridículos e unha perda de poder adquisitivo constante. Agora véndeselles o teletraballo como se fose un premio, un gran avance, cando en realidade serve de cortina de fume. Porque é máis barato permitir uns días de teletraballo que afrontar unha verdadeira reforma salarial que recoñeza o esforzo e a responsabilidade do persoal.

Así, o plan convértese nunha especie de moeda de cambio simbólica: ti podes traballar desde a casa tres días á semana, sempre que esteas dispoñible, sempre que fiches, sempre que cumpras. Pero cando chega a fin de mes, a nómina segue igual de curta. Non hai melloras retributivas, nin compensación polos gastos adicionais que implica teletraballar, nin tampouco unha aposta real por dignificar economicamente o traballo público.

En definitiva, o teletraballo preséntase como unha modernidade brillante, pero na práctica é só un espello onde se reflicte a ausencia de vontade política de mellorar os soldos. Un parche elegante para tapar unha ferida que segue a sangrar: a falta de xustiza retributiva no sector público.